



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 31 DE XULLO DE 2018**

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao aboamento a unha empresa dun importe cos intereses legais devengados, no proxecto de reparcelamento do SUNP-37 .3 (Costa Vella), en execución de sentenza. Apróbase a proposta.**

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión gratuíta de varias parcelas do Plan Parcial do SUNP- 2 (Salgueiriños). Acéptase a cesión gratuíta das parcelas ZV-1, ZV-2, ZV-3, ZL-1, ZL-2 e viarios do Plan Parcial do SUNP-2 de Salgueiriños, outorgada por Salgueiriños de Vivendas S.Coop.Galega en escritura pública.**

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para renovación de cuberta de edificio situado na rúa Casas Reais (das) nº 10.LIC/1942/2017. Apróbase a proposta.**

**5.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á cesión provisional do estadio municipal de San Lázaro e campo de adestramento de San Lázaro II, a favor da SD COMPOSTELA durante a tempada 2018/19. Apróbase a proposta.**

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Informática relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Universidade de A Coruña no marco da iniciativa SMARTIAGO, resolución de retos de sustentabilidade mediante contratación pública de innovación. Apróbase a proposta.**

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, relativa á participación do Concello de Santiago de Compostela, no "Plan de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de Concellos) POS + Adicional 1/2018, por maior achega desta Deputación", da Deputación Provincial de A Coruña. Acórdase participar no POS+ Adicional 2018 da Deputación da Coruña e solicitar a aplicación da maior achega provincial asignada aos seguintes obxectos:**

\_Financiamento do pago a provedores: 224.394,14 euros

\_Financiamento de todos os investimentos financeiramente sostibles que se solicitan na 2ª fase do Plan, tanto dos previstos no Plan Complementario como dos novos: 54.212,24 euros

**8.- Dar conta da resolución do alcalde aprobatoria da conta xustificativa do convenio de comedores escolares relativa ao período de 1-12-2017 ao 31-6-2018, do curso escolar 2017/18. Dase conta.**